



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/10	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de setembro de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 19:30 ata as 21:10 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Pablo Portela Fernández

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	NON
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ





**Escusas de asistencia presentadas:**

1. Pilar Vazquez Ares:  
«Enfermidade de familiar»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Expediente 827/2023. Dación conta resolucións da alcaldía dende o número 2023-658 ata o 2023-799**

Dase conta das resolucións da alcaldía dende o número 2023-658 ata o 2023-799.

**Aprobación das actas das sesións anteriores**

Acta de 17/06/2023 aprobada por unanimidade.

Actas de 22/06/2023 e 10/07/2023 aprobadas cos votos a favor do PSOE e BNG e abstención do PP.

Acta de 27/07/2023 aprobada cos votos a favor do PSOE e BNG e en contra do PP.

**Expediente 618/2023. Modificacións rexime dedicacións dos concelleiros/as do equipo de goberno.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**<< MODIFICACIÓN REXIME DE DEDICACIONES DOS CONCELEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO. Expte. 618/2023**

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Visto o informe de intervención de data 20/09/2023

O Pleno do Concello de Guitiriz, cos votos favorables do PSOE (6), cos votos en contra do PP (4) e cos votos de abstención do BNG (2), acordou o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Modificar as dedicacións parciais dos seguintes cargos coas





correspondentes retribucións:

-Delegado da Área de Xuventude e Deportes: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 40%, debendo dedicar un mínimo de 16 horas semanais ás súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1200 € en 14 pagas.

-Delegada da Área de Promoción e Dinamización Económica (turismo, consumo, hostalería e comercio): desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 23%, debendo dedicar un mínimo de 10 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 690 € en 14 pagas.

-Delegado da Área de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 40%, debendo dedicar un mínimo de 16 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1200 € en 14 pagas.

TERCEIRO.- As dedicacións parciais terán efectos dende o día 1 de outubro de conformidade co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015,

CUARTO.- As anteriores retribucións actualizaranse anualmente segundo o incremento anual fixado para os traballadores pola Lei de Presupostos do Estado.

QUINTO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín Oficial da Provincia.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que eles creen que calquera traballador/a do concello que como mínimo traballe 35 horas semanais, e dicir 140 horas mensuais e gana por exemplo, como veremos despois en postos de nova creación do concello 1.184,91 € brutos.

É importante reflexionar que aínda que non todos os postos teñen a mesma responsabilidade e sendo conscientes dos diferentes soldos, non nos parece de recibo que un membro do grupo de goberno por traballar 16 horas a semana, e dicir 64 horas ao mes cobre 1.200 euros cando un traballador/a normal ten que facer 140 horas para un soldo similar polo que nos parece desorbitado.

Nunha das ultimas enquisas da empresa Publico en España feita o 27/09/2023 cifra para o Concello de Guitiriz un soldo medio de 15.000 euros anuais, mais concretamente ao mes 1.250,00 euros, 312 por semana e 8,93 por hora. Si nos guiamos por esta enquisa as 16 horas terían que ser retribuídas con 571,52 € o cal deixa en evidencia a desproporcionalidade destes soldos con respecto ao resto da xente que traballa no noso concello.

En definitiva parécenos un soldo bastante desproporcionado tal como están os soldos no concello de Guitiriz polo que non estamos de acordo.

A voceira do BNG di que si ten en conta a lexislatura anterior a dedicación destes concelleiros/as nestas mesmas áreas eran dun 20%, ao inicio desta lexislatura subiu a un 25% e agora tres meses mais tarde a un 40% coa súa correspondente suba do salario, que vén sendo arredor de 840 €, polo que preguntamos si hai novas actividades que vaian a desenvolver, algunha responsabilidade nova nalgún organismo etc, en definitiva cal é o motivo da substancial subida da devandita dedicación posto que nos últimos catro anos non se considerou necesaria.





A Sra. Alcaldesa responde que fundamentalmente por cuestións organizativas, porque si ben é certo que eu me dedico ao concello todas as horas que son necesarias, as veces os veciños/as acoden ao concello en horario de maña e eu pola miña condición de Deputada nese momento non podo atendelos por iso parécenos importante que polas mañás sempre estea algún membro do equipo de goberno para así cubrir esas horas e así os veciños/as estarán atendidos. Aínda con isto o concello aforrara cartos con respecto a lexislaturas anteriores.

O voceiro do PP di que eles insisten no mesmo, en concellos veciños como o de Begonte os soldos son moito mais modestos cunha dedicación semellante.

Algúns dos traballadores/as do concello nin tan sequera chegan aos datos da enquisa, non chegan a percibir os 8,93 €/hora quedando os seus soldos por debaixo dos que figuran na mencionada enquisa.

Tamén nos chama a atención que no anterior Pleno recoñeceu vostede a pregunta dunha voceira da oposición de que xa sabía, cando se fixo aquí o Pleno, do seu nomeamento como Deputada, como ben recoñeceu vostede, polo que preguntamos, si xa o sabía daquela porque non puxo as dedicacións como tiña que poñer?. Entón que é o que cambiou dende aquela ata hoxe para que non tivese isto previsto e agora o veña a cambiar?

A voceira do BNG di que o que eles conclúen das súas propias palabras é que esa dedicación do 90% ao Concello de Guitiriz que nos falou no Pleno anterior non se vai poder levar a cabo debido aos outros cargos que posúe por iso faise necesario o traballo dos concelleiros/as con mais dedicación.

A Sra. Alcaldesa di que como xa dixen antes algunhas veces non poderei estar en horario de maña pero cando non poda estar pola maña estarei pola tarde, pero si é certo que me gusta que sempre haxa algún membro da corporación pola maña.

**Sometido o asunto á votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e abstención do BNG.**

#### Expediente 764/2023. Expediente de 9ª modificación da RPT ano 2023.

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

#### << Expediente de 9ª modificación da RPT ano 2023.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Acordo plenario de data 30/05/2013 polo que se aprobou definitivamente o Organigrama Municipal e a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz (Anexo I).

-Acordo plenario de data 27/01/2022 polo que se aprobou definitivamente a modificación





da RPT (7ª modificación), publicada no BOP de data 8/02/2022.

-Acordo plenario de data 30/03/2023 polo que se aprobou definitivamente a modificación da RPT (8ª modificación), publicada no BOP de data 11/04/2023.

- Providencia de alcaldía de data 25/08/2023
- Informe técnico 2023-0137 de data 29/08/2023
- Mesa de negociación realizada en data 18/09/2023

Visto o informe xurídico de secretaría nº 2023-0202 de data 14/09/2023 e o informe de intervención nº 2023-0276 de data 19/09/2023.

A modificación da RPT ven dada como consecuencia de articular as seguintes situacións:

A) Necesidade de modificar a RPT vixente para engadir dous postos de traballo, como consecuencia da sentenza de data 02 de decembro de 2019 ditada polo xulgado do Social número tres de Lugo, número de procedemento 403/2019, o que implicaría que paralelamente vaise a tramitar o expediente de modificación do cadro de persoal e o orzamento municipal para o ano 2023, polo que ambos expedientes tramitaranse de forma conxunta. En consecuencia, consignaranse nos orzamentos do ano 2023 as cantidades correspondentes para atender as obrigas económicas que se derivan da modificación da Relación de Postos de Traballo no suposto de ser aprobada.

Visto que dita sentenza afecta a unha serie de traballadores respecto dos cales na modificación da RPT do ano 2019 (expediente 845/2019) xa se lle crearon postos de traballo a algún deles, concretamente a:

-Don Antonio Montes Losada, Sentenza de data 26/01/2018 do Xulgado do social nº2 de Lugo (PO 704/2017).

-Don Roberto Sánchez Rodríguez, sentenza de data 17/04/2018 do Xulgado do social nº2 de Lugo (PO 928/2017) e Sentenza de data 6/11/2018 do TSX Galicia (RS 2397/2018).

Comprobado que no caso de Don Andrés Ares Bello e Don Daniel García Souto non se procedeu a creación de postos de traballo na RPT.

Considerando que existen postos de traballo que foron creados nos instrumentos de organización de persoal citados, en base a unha situación xurídica similar (execución de sentenzas polas que se declara a una serie de traballadores como indefinidos non fixos e cuxa situación laboral derivaba da prestación de servizos no GES) á da situación na que se atopan estes traballadores, (Don Andrés Ares Bello e Don Daniel García Souto) trala sentenza do Xulgado do Social número 3 de Lugo de data 02 de decembro de 2019.

Considerando que ditos postos de traballo, foron creados mediante modificación da RPT, a través de acordo plenario de 30 de xaneiro de 2020, na que se argumentaba o seguinte:

*"Estudarse polo servizo de medio ambiente a posibilidade de crear estes 3 postos de traballo na RPT como "peóns de brigada verde" que é o posto máis parecido aos GES, na medida en que existan necesidades, xa que non poden crearse na RPT como "peóns do GES" polos seguintes motivos:*

*-Este Concello xa non está adherido ao convenio que regulaba a prestación deste servizo supramunicipal.*

*-Moitas das funcións dos peón do GES non responden a competencias municipais deste Concello, que non ten competencias en materia de emerxencias, extinción de incendios,*





nin en protección civil, por ser un Concello de menos de 20.000 habitantes (art. 25 e 26 LBRL)

-As administracións competentes para prestar estes servizos de emerxencias supramunicipais son a Xunta de Galicia ou as Deputacións provinciais.

Considerando que as funcións que presentan mais similitude coas realizadas polos traballadores do GES son as previstas na ficha numero 24 de peon de brigada verde, valórase a oportunidade de creación de dous postos de traballo mais nesta area, correspondentes a Don Andrés Ares Bello e Don Daniel García Souto . Estudarase polo servizo de medio ambiente a posibilidade de crear estes 2 postos de traballo na RPT como “peóns de brigada verde” que é o posto máis parecido aos GES, xa que non poden crearse na RPT como “peóns do GES” polos seguintes motivos:

-Este Concello xa non está adherido ao convenio que regulaba a prestación deste servizo supramunicipal.

-Moitas das funcións dos peón do GES non responden a competencias municipais deste Concello, que non ten competencias en materia de emerxencias, extinción de incendios, nin en protección civil, por ser un Concello de menos de 20.000 habitantes (art. 25 e 26 LBRL)

-As administracións competentes para prestar estes servizos de emerxencias supramunicipais son a Xunta de Galicia ou as Deputacións provinciais.

B) Mediante decreto nº 2020-896, de data 11 de decembro de 2020, se adscribiu provisionalmente a dona María Concepción Ares López ao posto de peón de brigada verde, como persoal laboral fixo, coas características recollidas na ficha nº24 da RPT (código 35).

Este posto estaba transitoriamente vacante como consecuencia do Decreto nº 2020-328 de data 27/05/2020 polo que se concede a excedencia voluntaria por interese particular a Manuel García Alvarellos dende o 01/06/2020 e partindo de que mediante decreto nº2020-083 de data 08/02/2020 se adscribe a tres traballadores aos tres postos de peón de brigada verde. Un deles, Manuel García Alvarellos, é adscrito ao posto co código 35.

Tras dita adscripción non se procedeu a creación do correspondente posto de traballo na RPT, que resulta necesario no caso de finalización da excedencia de Don Manuel García Alvarellos, que se incorporaría ao seu posto de traballo.

Considerando a obriga de que aos traballadores se lles asigne un posto de traballo, valórase a oportunidade de creación doutro posto de traballo mais nesta area pola semellanza dos sevizos que viña prestando na mesma. Estudarase polo servizo de medio ambiente a posibilidade de creación do mesmo.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas á alcaldía polo artigo 21.1 da LBRL.





O pleno da corporación, por unanimidade dos seus asistentes (salvo a abstención de participar na votación de dona María Margarita Pereira López, integrante do PP, nos termos do artigo 76 da lei 7/1985 de 02 de abril) , acordou o seguinte:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación puntual da RPT do seguinte xeito:

Modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Guitiriz, engadindo dous códigos mais a ficha número 24 da RPT como consecuencia da sentenza de data 02 de decembro de 2019, ditada polo xulgado do Social número tres de Lugo, que declara o despido de Don Andrés Ares Bello e Don Daniel García Souto como nulo.

Procede tamén modificación da Relación de Postos de Traballo como consecuencia da adscrición de Dona María Concepción Ares López ao posto de peón de brigada verde, como persoal laboral fixo, coas características recollidas na ficha nº24 da RPT (código 35). Tras dita adscrición non se procedeu a creación do seu correspondente posto de traballo na RPT, que resulta necesario no caso de finalización da excedencia de Don Manuel García Alvarelos, que se incorporaría ao seu posto de traballo e que implicaría a obrigatoriedade de que Dona María Concepción Ares López se incorporase a outro distinto.

Así a ficha número 24 da RPT, quedaría articulada do seguinte modo:

*FICHA Nº 24. Posto de Traballo: Peón brigada verde (6) (Código 33,34,35,76, 77 e 78)*

*¾Características esenciais: Persoal laboral fixo da Corporación Municipal.*

*¾Grupo (Equivalencia): A.P.*

*¾Formación específica: No*

*¾Forma de provisión: Oposición*

*¾Nº de postos: 3*

*¾Vacantes: 3*

*¾Retribucións integras anuais: 16588,74 euros (actualizado 2023, sen trienios)*

*¾Adscrición: Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servizo de Medio Ambiente e Infraestruturas*

*¾Principais funcións do posto:*

*Xerais:*

*-Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os traballos que se encomenden realizados con regularidade.*

*- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.*

*-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.*

*-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).*

*Específicas do posto:*

*-Roza, limpeza e mantemento de espazos públicos, vías públicas, camiños, roteiros de sendeirismo, zonas verdes, parques, xardíns, instalacións deportivas.*

*-Substitución de operarios do servizo municipal de recollida de residuos e limpeza viaria.*





SEGUNDO.- Conceder un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT e o seu Texto refundido elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións. >>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que a eles chámalles a atención que dende que se ditou a devandita sentenza en decembro de 2019 polo Xulgado do Social Nº 3 de Lugo no que se declaraba nulo o despido de don Andres Ares Bello e don Daniel Garcia Souto non se executase con anterioridade. Deberíanos explicar vostede cal foi o motivo porque dende esa data ata hoxe non cambio nada na situación e a suposta imposibilidade de readmisión proposta polo concello foi rexeitada en devandita sentenza.

Como se pode ler no informe de Secretaría no seu apartado quinto en todo o seu relato o secretario, no cal explica, entre outras cousas, que estes traballadores estaban sometidos a unha cesión ilegal de man de obra e xa estaban integrados materialmente na plantilla do concello .

No punto sete do apartado quinto tamén di non existe insuficiencia presupostaría para impedir a súa readmisión posto que se poden financiar os postos coas mesmas partidas coa que se esta a financiar a externalización do servizo

Tamén se sinala nese apartado quinto que “no estando en consecuencia acreditada una imposibilidad legal o material de ejecución de la sentencia en sus propios términos procede estimar el recurso y revocar íntegramente los autos de instancia en los que se acordaba la extinción real laboral, debiendo continuar la ejecución por sus tramites hasta que proceda la efectiva readmisión de los demandantes”

Tamén no informe de intervención sinala literalmente “que a súa modificación consiste na modificación da ficha 24 da RPT para engadir tres postos mais debido as sentenzas do Xulgado nº 3 de Lugo de declaración do despido nulo de don Andres Ares Bello e don Daniel Garcia Souto e outro de adscrición de dona Concepción Ares Lopez a un posto que corresponde a Manuel Garcia Alvarelos. Como non se trata de postos de traballo novos soamente de aumentar o número de efectivos dos mesmos non é necesaria nin valoración nin estudo das funcións xa que se considera igual a ficha numero 24 que xa esta creada y aprobada. A RPT reúne os requisitos formais previstos pola lexislación vixente.

O cal nos leva pensar que non se actuou de boa fe cos estes dous traballadores. Unha sentenza de decembro de 2019 executase case catro anos despois polo que estamos ante un concello cunha alcaldesa que non acata as sentenzas ou que as acata tarde e mal.

A voceira do BNG di que a aplicación desta sentenza é consecuencia da política laboral nefasta deste concello que xa se arrastra das lexislaturas anteriores e que continua. O BNG sempre defendeu a continuidade do GES e sempre se lles advertiu das consecuencias deste tipo de políticas.

Con respecto a esta modificación estamos de acordo que hai que legalizar os novos postos de traballo destes traballadores a medida que se van incorporando das







excedencias que tiñan pedidas.

A Sra. Alcaldesa di que no seu momento creáronse tres postos que é o que obrigaba a sentenza, pero tres dos traballadores que naquel momento formaban parte do GES pediron a excedencia polo que non foi necesario adscribilos a ningún posto de traballo pero tiñan garantida a reserva do posto de traballo.

Das tres fichas que se crearon no seu momento unha quedou vacante porque a persoa adscrita a ela aprobou outra praza distinta e é neste momento cando un dos traballadores que estaba en excedencia pide o reingreso e creáselle o posto de traballo para adscribilo provisionalmente e xa de paso créanse os postos de traballo dos outros traballadores para cando soliciten a reincorporación.

A outra traballadora estaba adscrita a un posto vacante e creáselle unha ficha para dar cumprimento a sentenza.

En definitiva esta equipo de goberno acata as sentenzas, polo que os traballadores que queren incorporarse e teñan dereito e elo teñen os seus postos creados coas funcións que nas sentenzas se lles aplica para volver a traballar.

O GES que cubre agora o Concello de Guitiriz ten a sede no Concello de Friol que é o que nos corresponde territorialmente.

O voceiro do PP di que a eles chámalles a atención que a persoa que pediu o reingreso solicitou a excedencia despois de levar varios meses traballando dende que se ditara sentenza e non tiña o posto de traballo creado.

Non obstante na sentenza di textualmente no artigo 7 que na demanda afirmouse que entre os días 16 e 17 de abril do ano 2019 os demandantes recibiron comunicación escrita da extinción do seu contrato con efectos do 1 de maio de 2019 por existir a necesidade acreditada de extinguir o seu contrato de traballo por causas obxectivas garantidas previstas no artigo 52 do Estatuto dos Traballadores e Disposición Adicional Dezaseisava do mencionado texto legal, sendo o contido das cartas dos cinco demandantes idéntico, excepto na contía da indemnización.

Na demanda mantense que non son certas as causas alegadas polo demandado e que non se cumpriu o artigo 52 do Estatuto, defendeuse que a motivación real dos despedimentos son as distintas demandas e reclamacións que os demandados interpuxeran contra o Concello de Guitiriz estando en presenza dunha clara conculcación de garantía de indemnidade tanto directamente como indirectamente seguindo a doutrina de discriminación por asociación .

Tamén no artigo decimo dese mesmo apartado di que o demandado propuxo medios de proba, interrogatorio e partes de documentos e que os demandantes propuxeron tamén medios de proba e que foron admitidos todos os medios de proba propostos.

Despois de todo isto o concello perdeu o xuízo, ou sexa, algo de razón debían de ter os traballadores que alegaron e parécenos gravísimo.

No informe xurídico de secretaria do 21/08/2023 entre outras cousas di que “considerando que existen postos de traballo que foron creados nos instrumentos de organización de persoal citados por unha situación xurídica similar, execución de sentenzas polas que se declara unha serie de traballadores como indefinidos non fixos e cuxa situación laboral deriva na presentación do servizo do GES, na situación na que se atopa ese traballador trala sentenza do xulgado nº 3 de Lugo con data dous de decembro de 2019, considerando que devanditos postos de traballo foron creados mediante a modificación da RPT a través do acordo plenario de 30 de xaneiro de 2020 argumenta o seguinte, ou sexa, que se lle poden crear pero vostede xa creara postos similares por sentenzas do ano 2018 a outros compañeiros no ano 2020 e deixou sen





crear as destes traballadores que posteriormente si solicitaron a excedencia.

A voceira do BNG di que quere aclarar que en canto ao que dixen na primeira intervención da política laboral nefasta referíame a que estes traballadores foron despedidos e foron declarados posteriormente despedidos nulos e de aí estas consecuencias que ten que asumir o concello acatando as sentenzas.

A Sra. Alcadesa di que ela só pode responder sobre o que se fixo no concello a partir do 15 de xuño de 2019 e cando chega a sentenza que declarou nulos os despedidos créanse os postos que había que crear polo contido da sentenza reincorporando aos traballadores/as que nos obrigaba a mesma.

Despois diso tres traballadores solicitaron a excedencia e é agora cando un deles solicita a reincorporación cando se fan os tramites necesarios seguindo o procedemento legalmente establecido para a súa reincorporación e así dar cumprimento as sentenzas.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, PP e BNG (abstense de emitir o seu voto por interese particular a concelleira do PP dona Maria Margarita Pereira López).**

#### Expediente 15/2023. Modificación cadro de persoal do orzamento municipal 2023.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

#### << MODIFICACION DO CADRO DE PERSOAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2023. EXPEDIENTE Nº: 15/2023

Vista a necesidade de modificar o cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Guitiriz para o ano 2023 coa inclusión de tres prazas de peón de brigada verde, para dar cobertura aos empregados públicos que teñen dereito a esas prazas, ben por sentenza xudicial o por adscrición a esas prazas e considerando que as mesmas non están previstas no cadro de persoal.

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Alcaldía formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2023 que está en vigor.

Vista a reunión cos representantes do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz e o borrador da acta da mesa de negociación de data 18/09/2023.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para este exercicio xunto co cadro de persoal, polo que é o mesmo órgano o competente para a aprobación da súa modificación.





O pleno da corporación, por unanimidade dos seus asistentes, acordou o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do Cadro de persoal que se acompaña ao expediente.

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación no BOP de Lugo do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da Corporación. O Cadro de persoal consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO-** Facultar á Alcaldía para o cumprimento da obriga de remitir copia do Orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para dar cumprimento ao disposto no artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta aclara que o cadro de persoal aprobase co orzamento xeral e cando se modifica a RPT hai que modificar o dito cadro, neste caso ao incluír novos postos na RPT tamén hai que incluílos no cadro de persoal.

O voceiro do PP di que lles parece correcto que se faga, xa se tiña que ter feito con anterioridade.

A voceira do BNG pregunta, si non hai que modificar tamén o orzamento, non só por incluír estes tres novos postos senón tamén pola suba dos salarios dos concelleiros/as.

Responde a Sra. Alcaldesa que non é necesario posto que xa estaban presupostados no orzamento xeral.

En canto aos postos de traballo que se están creando agora reitérome no que dixen anteriormente.

O voceiro do PP di que non sabe si lle entendeu ben cando dixo que “co que vostede deixa de percibir repártello aos concelleiros/as”

A voceira do BNG non fai uso da segunda quenda.

A Sra. Alcaldesa di que ela non falou de repartir en ningún momento, o que dixen foi que “co que eu deixaba de percibir era suficiente para asumir esa subida dos salarios dos concelleiros/as de aquí a fin de ano”

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### **Expediente 287/2023. Alteración do inventario municipal de camiños**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**<< Expediente de alteración do inventario municipal de camiños. Expte: 287/2023.**





Visto o seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Solicitud de cambio de trazado de camiño público presentada o 17/01/2023 co R.E. 59
- por Jose Luis Pena Carballeira a través de representante.  
Informe do Técnico de medio ambiente do concello de Guitiriz nº 2023-0048 de data 23/03/2023 no que se conclúe:

<<

**Segundo. Informe.**

*Tendo en conta a solicitude do interesado como da documentación obrante no concello, a continuación efectúanse as seguintes consideracións:*

- Segundo consta no inventario de camiños, e no documento final aprobado en sesión plenaria do 28/03/2019, o camiño obxecto do cambio conta coas seguintes características:

Codigo camiño	02_568
Referencia catastral	27022A08109008 – 27022A16909010
Lonxitude	149,06 mts.
Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Inicio	X: 592112,14 Y: 4790496,94
Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Final	X: 592371,97 Y: 4790127,63
Material	Terra
Estado	Regular

- Tendo en conta a memoria aportada a xustificación do cambio de trazado do camiño público é a seguinte:
  - Eliminación da curva existente nas inmediacións da vivenda
  - Mellora da seguridade de dito camiño o desvío da vivenda
  - Dotar a vivenda de maior intimidade e independencia o apartar o camiño das inmediacións desta.

*A anchura media do camiño é de 2,5 metros, e segundo a proposta do solicitante, pasaría a ter neste tramo unha anchura de 4 metros, mellorando considerablemente o acceso rodado polo mesmo, sobre todo para o tráfico rodado.*

- Segundo o planeamento urbanístico, a clasificación do solo do camiño actual é de Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas, e o trazado proposto de dito camiño discorre por terreo clasificado como Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria e Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas. Non existe aliñacións de edificación no lugar, pero existe un peche de cachotería de pedra e chantos
- A vista dos feitos, propónse, a modificación puntual do trazado do camiño n.º 02\_568 segundo o plano que se achega, tendo en conta os seguintes condicionantes:
  - Unha vez resolta a proposta do cambio de trazado do camiño, polo organo





*competente, a porción de terreo que vai quedar entre o trazado de camiño actual e o novo trazado, xunto do terreo que queda da desafectación do tramo do camiño (zona azul do plano), o promotor deberá levar a cabo a agrupación de ditas porcións de terreo coa parcela con referencia catastral 27022A16900293, ante o organismo competente.*

- *A hora de levar a cabo as actuacións de acondicionamento do novo trazado de camiño (base firme de xabre, rematado superficialmente con material fino, para refinado da capa de rodadura) e execución de soleira de acceso a estrada de titularidade municipal coa correspondente infraestrutura de drenaxe transversal da gabia existente, deberá solicitar ante o concello o correspondente título habilitante municipal.*
- *Trasladarase o peche de cachoteria de pedra e de chantos o novo trazado de camiño, debendo conservar a altura e tipoloxía tradicional do muro existente na súa nova ubicación, esta actuación deberá contar co correspondente título habilitante municipal, co fin de dar cumprimento o establecido no Decreto 83/2018 do 26 de xullo polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia no art. 38 “os peches e muros tradicionais existentes conforman as preexistencias e a paisaxe perceptiva dos espazos nos que están situados, por tanto e con carácter xeral, prohíbese o derrubamento, de maneira inxustificaa, de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras.”*

### Terceiro. Conclusións

*Tendo en conta o exposto anteriormente, propónse a modificación puntual do trazado do camiño nº 02\_568 incluído no inventario municipal de camiños segundo consta no plano que se achega, tendo en conta os condicionantes descritos no apartado anterior.*

*E para que conste a efectos oportunos, e salvo mellor criterio, firma o presente informe, en Guitiriz, na data que consta na sinatura electrónica ao marxe.>>*


- Informe xurídico de data 27/03/2023.
- Informe do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo de data 11/05/2023.

Considerando o establecido no artigo 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O Pleno da corporación adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Proceder a modificación puntual do trazado do camiño nº 02\_568 incluído no inventario municipal de camiños segundo se reflicte de seguido:





Segundo.- Darlle traslado do presente acordo a cantos interesados houberse no procedemento.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia do Concello de Guitiriz.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcadesa, aclara que isto é unha modificación dun camiño que se produce a petición dun veciño que indica que o camiño pasa a carón da súa propiedade tanto a un lado como a outro e él cede parte da súa propiedade para que quede repartida de outra maneira.

Ten todos os informes preceptivos, en principio Medio Rural propuxera outra alternativa pero finalmente non puxo ningún problema en que se modifique como estaba proposto inicialmente. Así, unha vez informado e valorado todo o que procede hai que traelo a Pleno para sometelo á súa aprobación inicial, e cumpridos todos os trámites que se poida aprobar definitivamente.

O voceiro do PP di que despois de ler o informe xurídico, o do técnico de Medio Ambiente así como o da Consellería de Medio Rural e tendo en conta o exposto polo peticionario don Jesús Pena Carballeira, non temos nada que obxectar, parécenos ben a modificación de dito camiño sempre que se teñan en conta as observacións para a execución do novo trazado e se leve a cabo con todos os permisos pertinentes e alterando a paisaxe o menos posible.

A voceira do BNG xa votou a favor no Pleno de xaneiro e seguimos votando a favor porque entendemos que favorece a circulación e non supón ningún gasto para o Concello.

A Sra. Alcadesa di que eles tamén van a votar a favor para poder seguir co trámite e se poida cambiar o trazado do camiño.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**





**Expediente 822/2023. Moción BNG para arranxar a comporta da piscina natural dos Sete Muíños.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A voceira do BNG da lectura a moción:

**<< MOCIÓN PARA ARRANXAR A COMPORTA DA PISCINA NATURAL DOS SETE MUÍÑOS E EVITAR O BALEIRAMENTO INVOLUNTARIO DA MISMA.**

**Exposición de motivos:**

Dende hai anos e polo verán, Guitiriz queda sen desfrute da piscina do río dos Sete Muíños. A primeiros do mes de agosto cando comeza a baixar o caudal do río a presa perde o nivel ea piscina queda baleira. Esta presa ten dúas comportas metálicas, unha delas esta sempre pechada pero a outra na zona central da piscina non pecha ben, por mor do mal trato recibido nestes anos. Estas comportas teñen un tornillo roscado que serve para pechalas ou abrilas e así regular o nivel da piscina en función do caudal que teña o río, pero desgraciadamente xa non compren a súa función. Nos meses de choivas o desaforo pode estar sempre aberto pero cando as secas fan baixar o caudal do río a manipulación destas comportas é o que garante o nivel de auga da piscina. A mala manipulación da comporta principal fixo que se deteriorara e sexa imposible regular este caudal de saída polo fondo, que a menos que o río estivera totalmente seco, con esta comporta conseguiríase manter sempre o nivel de auga axeitado. Este ano entre o 8 e o 13 de agosto volveuse a baleirar a piscina, e tamén se volveu a forzar o tornillo roscado para intentar pechar a comporta, logrouse, aínda que para elo forzouse tanto o vástago da comporta que de tanto golpe rompeu. Imaxinamos que cando haxa que abrir de novo esta comporta atoparanse cunha misión imposible. Este xeito de traballar é un atentado, reiterado por certo, contra as instalacións municipais. Esta é a zona do concello máis concorrida do verán, e non so pola xente que nos visita senón tamén polas veciñas/os deste concello.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno a seguinte iniciativa:

1º.- Consideramos que esta instalación municipal ten que estar en perfecto estado para evitar que un ano máis se baleire a piscina en pleno verán, e para elo instamos ao goberno do concello a arranxar/substituír esta comporta antes da seguinte tempada e poder garantir así, tanto o nivel axeitado de auga na piscina así como tamén poder baleirala na súa totalidade cando haxa que limpala.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que unha vez recibida a moción do BNG sobre o arranxo da comporta da piscina natural dos Sete Muíños estamos de acordo en que se deben de tratar ben as instalacións municipais e que, por suposto, deben estar en perfecto estado para o desfrute de veciños/as e turistas xa que é unha zona de especial beleza á que acoden moitos turistas polo que é preciso que estea limpa e con auga, tendo en conta que é unha das poucas instalacións gratis das que poden desfrutar os veciños/as e os/as turistas no noso





Concello.

Creemos que esta instalación está pouco publicitada na paxina web do Concello.

Estamos de acordo coa moción.

A Sra. Alcaldesa di que eles tamén están de acordo. Este ano cando intentou cerrala un dos parafusos estaba xa forzado e foron incapaces de facelo andar os traballadores, de feito estaba eu alí presente ese día, finalmente cerrárona por abaixo como puideron. Está claro que hai que arranxar a comporta para que non volva pasar, o que non quere dicir que non se volva a estragar en algún momento porque o perno queda alí e calquera pode golpealo.

Evidentemente ninguén quere que se baleire a piscina dos Sete Muíños, os traballadores xa saben que está rota, téñeno no seu programa de traballo e procederán ao seu arranxo. Entendo que agora, finais de setembro, principios de outubro é cando hai que cortar o nivel para que se baleire de novo, estes días aínda fai bastante calor e ó mellor aínda se utiliza algo, será cando empezan a baixar outra vez as temperaturas cando se arranxe e intentarase buscar outro sistema para que non quede alí, á vista, e que ninguén poida forzalo nin manipulalo.

Esta moción, que máis que unha moción é un rogo, pero imos votar a favor.

A voceira do BNG di que claro que ninguén quere que se baleire a piscina pero os responsables de que iso non pase é o equipo de goberno.

A anterior vez que se estragou foi polo mal uso que se lle deu ao vástago e para torcer este vástago hai que darlle coa toda intención do mundo e insistir porque funciona por rosca. Cando na anterior lexislatura se cambiou esa comporta ao pouco tempo de instalarse estragouse o vástago e deixou de ter a función de rosca de abrir e pechar e evidentemente non funcionaba.

A Sra. Alcaldesa di que supón que hai que cambiar a comporta e que tamén se falou de cambiar o sistema de apertura e peche desta para que non quede o perno a vista.

A voceira do BNG di que quere incidir en que se arranxe e se poña o sistema mais axeitado para que dure o maior tempo posible.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### ROGOS PP

-Rogamos que controlo os vados ilegais que hai no casco urbano de Guitiriz xa que nos chegaron queixas de veciños/as dicindo que hai varios vados con sinalización ilegal, por exemplo na Rúa Costaneiras, na Avda. Da Coruña 39, na Rúa Deputación.

-No termo de Vimieiro, onde se fixo o desbroce da estrada principal, que se desbroce







a que vai por medio das casas que dá a estrada de Vilalba que quedou sen desbrozar.

-Que corte a maleza que sobre pasa as beirarrúas no casco urbano de Guitiriz, por exemplo Avda. Poeta Diaz Castro na marxe dereita, na estrada que vai cara o colexio de Parga, na marxe dereita da Rúa Xermade e no Polígono Industrial na parcela que alugou o concello.

-Que limpe os contenedores de lixo, sobre todo os de residuos orgánicos.

-Aproveitando que é Deputada Provincial a ver si pode mirar pola estrada que une Parga con Pedrafita porque esta impracticábel.

-Dirixiuse a nós a ANPA de Parga para ver si lles podían poñer no pavillón o solo que se comprometera a poñer fai dous anos.

-Que desbroce a ruta da Pedra e da Auga posto que hai silvas que pasan o roteiro dun lado a outro.

### **ROGOS BNG**

-Insistimos e rogamos que se faga o axeitado mantemento das infraestruturas que hai montadas nas rutas de sendeirismo, as varandas, arames etc., co conseguente risco que supón para a seguridade dos usuarios/as é que xa se materializou con incidentes e accidentes varios.

-No ano 2016 rematouse a obra que ía poñer fin aos vertidos no Rio Forxa pero seguimos cos mesmos tanto na Ponte Veiga como na estación de bombeo do Forxa polo que rogamos unha vez máis que se arranxen eses problemas.

-Que se faga o mantemento necesario no Centro de Saúde de Parga, luces avariadas, falta de pintura e o xardín mal coidado.

-Que se revise e amañe o estado das seguintes estradas que teñen certos tramos en moi mal estado: o desvío da estrada de Mariz as Coutadas, o tramo de estrada dende Mariz ata Montemea, e a estrada que vai dende o antigo bar a Revolta cara a Bascuas.

-Se adopte algún tipo de iniciativa para evitar que a poboación deposite enseres de todo tipo ao carón dos contenedores de lixo. No seu día o BNG propuxo como iniciativa poñer pegatinas con información sobre a recollida dos enseres, pero polo que se ve non chega, pero tamén é verdade que eses carteis nalgúns sitios ou ben caeron, están rotos ou son ilexibles.

-Temos constancia que esta habendo problemas co transporte escolar .

A Sra. Alcaldesa comenta que están recopilando todas as incidencias que están a xurdir co transporte escolar para logo facer, si vos parece ben, unha declaración institucional de toda a corporación.

### **PREGUNTAS PP**

Do Pleno anterior:

-Onde se leva o camión do lixo e con que frecuencia?





Resposta: Lávanse ao lado da nave pero imos acondicionar unha das parcelas do concello para ter un sitio onde lavalos en condicións adecuadas.

Deste pleno:

1. Que criterios se seguen para facer os chamamentos a xente que está nas bolsas de traballo do concello ben sexan as bolsas do saf, peón, etc.?

Resposta: Os chamamentos fanse segundo os criterios que están publicados en cada bolsa.

En todas as bolsas están publicadas os criterios de selección e os criterios de chamamento.

2. Están expostas ao público o están nalgún apartado da web do concello para a súa comprobación.

Resposta: As bolsas que están en vigor e aprobadas definitivamente están publicadas na sede electrónica do concello e na web.

3. No caso de que se chame algunha persoa destas bolsas queda unha constancia por escrito, gravase a chamada o que tipo de control se leva.?

Resposta: Os chamamentos fannos sempre os técnicos/as do concello, e dicir, funcionarios/as. Normalmente cando se declina ou se renuncia ao chamamento dun posto ten que quedar constancia por escrito, un mail, unha comunicación. En algunhas bolsas, visto que renunciaba a maior parte das persoas que estaban na lista, para facilitar o funcionamento é suficiente cun informe de chamamentos asinado polo funcionario ou técnico que fixo os mesmos.

4. O 19 de abril deste ano procedeuse un desmorte de terra no aparcadoiro da rúa de Boa Veciña tiña vostede permiso dos donos para tal desmorte?

Resposta: Esa finca esta alugada polo concello para aparcamento e falouse coa representante dos propietarios/as para dicirlle que se ían acometer unhas obras de mellora e ela dixo que non había problema. Cando o concello se puxo a arranxalo dixeron que non querían e dado que a propiedade é deles nós tivemos que desfacer o que xa estaba feito e intentar arranxalo seguindo as indicacións que nos deron os donos.

5. Vostede cando lle preguntamos aquí no pleno e nos contesta, dinos a verdade por suposto.

Resposta: Non vou contestar a esa pregunta.

6. No Pleno do 30 de marzo preguntáronlle o custe da actuación das Tanxugueiras e vostede respondeu aquí que 33.000 euros e preguntáronlle se iso incluía a luz, o son, escenario, etc. Vostede dixo que todo estaba incluído e atopámonos agora no decreto 341/2023 que nos pasou vostede que nove días antes dese pleno vostede firmou un contrato por 55.176 euros IVE incluído, asinouse o día 21, entón porque aquí no pleno vostede dixo co prezo eran 33.000 €?

Resposta: Foi un erro

7. Sigue manténdose a cita previa no Concello.

Resposta: Para quen queira pedila si, pero non é obrigatoria, e dicir, atendese igual a xente que vén sen cita.

8. Hai algún conselleiro/a o traballador/a do Concello encargado do control das ITV dos vehículos propiedade do concello.

Resposta: Os traballadores/as que andan cos vehículos intentan estar pendentes e





avísannos, a continuación pídesse cita e lévanse a pasar as ITV.

9. No anterior pleno do 27 xullo, o voceiro BNG no expediente 691/2023 “dación de contas resolución da alcaldía” preguntoulle si se podía facer algunha intervención nese punto e vostede respondeulle que non esta contemplado facer intervencións, pero que se podían reunir e estudar esa posibilidade. Quería saber si chegaron a algún acordo?

Resposta: Non, a verdade é que eu non me acordei de citalos para facer unha reunión.

## **PREGUNTAS BNG**

### Do Pleno anterior:

-En relación coa resina dos piñeiros que se está a recoller?

Resposta: Forma parte dun proxecto de investigación, que se chama PICARE, a empresa promotora dese proxecto e FORESIN. O obxectivo do proxecto é a extracción da resina de calidade para caracterizala e empregala en sectores de elevado valor engadido como cosmético ou farmacéutico. Ten unha financiación de 200.000 €

-En relación coa supresión dos pasos a nivel.

Resposta: O proxecto esta entregado e imos facer unha presentación publica e estamos a espera para ver si pode acudir un representante de ADIF.

### Deste Pleno:

1. Pódenos informar sobre os beneficios das placas solares que están instaladas fai anos na nave do SENPA

Resposta: Están desde fai anos, nós fixemos unha actuación para ver en que situación estaban. Esas placas, no momento que se deron de alta, a única posibilidade que tiñan era trasladar esa enerxía a rede eléctrica, pero durante moito tempo non estiveron funcionando porque había un inversor estragado e reparámolo. Tivemos que contratar cunha distribuidora ou subministradora para que así nos pagasen esa subministración, pero os que ingresos que fixeron, que foron moi poucos, non nos pareceu suficientes tendo en conta a cantidade de placas que hai.

Agora estamos mirando para cambiar o uso desas placas para autoconsumo, non so onde están instaladas senón tamén para calquera instalación propiedade do concello que este a menos de dous quilómetros. Estamos valorando esa posibilidade porque seria mais produtivo que as poucas cantidades que non ingresan.

2. Hai unhas semanas que empezou o curso escolar, fíxose o mantemento necesario no pavillón do colexio de Parga?

Resposta: Si, antes de empezar o colexio foise alí a limpar e fíxoselle o mantemento, incluso, no xardíns.

3. Está prevista algunha intervención por parte do concello para dinamizar ou revivir o mercado dos mércores.

Resposta: Admitimos propostas, nos estamos mirando distintas posibilidades como contratar un empresa especializada que nos poida axudar.

O mesmo acontece coa recollida de lixo, si algún membro da corporación ten algunha idea estamos abertos a escoitar iniciativas





4. Na lexislatura anterior aprobouse nun pleno unha partida para soterrar as liñas de alta tensión e quitar o transformador do Campo da Feira. Esta prevista a excusión desa obra?

Resposta: Si, daquela non se puido levar a cabo porque tiñamos que pasar por unha finca da que descoñeciamos o dono e foinos moi difícil encontralo e que se puxera en contacto con nós. A nosa intención é retomala e facer que desapareza ese transformador da Rúa do Mercado.

5. Nas actividades que se concertaron co centro deportivo de Outeiro de Rei o concello preveu facilitar o transporte a devandito centro para os grupos que se poidan formar?

Resposta: De momento non falamos diso, a día de hoxe non esta contemplado.

6. Está o grupo de goberno satisfeito cos desbroces de limpeza de camiños, pistas e estradas do concello.

Resposta: Hai tramos que se fixeron coa empresa que se contratou este ano e hai tramos que fixemos nós, e a resposta é que non estamos satisfeito cos tramos que fixo a empresa.

7. Polo que temos entendido, das arcas municipais ten que saír un diñeiro para un empregado que estivo traballando temporalmente e que sufriu un accidente que lle causou unha incapacidade. Había algunha irregularidade nesa contratación, medidas de seguridade ou cal é o motivo polo que teña que facerse cargo o concello dese pago.

Resposta: Polo datos que temos neste momento quen o vai indemnizar vai ser a empresa aseguradora. Non me consta ningunha sentenza que nos obrigue a nós a pagar, pero míroo e dígollo.

8. Podemos ver como desde a alcaldía se emite unha resolución para levantar reparos que fai intervención a moitos procedementos feitos por este goberno, porque non se compren, din os reparos, requisitos esenciais da súa tramitación. Para concretar máis dende xuño van máis de dez. Entón, porque non se traballa con máis rigor?

Resposta: Agora mesmo hai unha serie de contratos caducados que están sen renovar (comunicación, subministración gasóleo etc), son contratos maiores é os procedementos son complexos, pero están en tramite.

Por outro lado hai unha serie de contratos que tanto a interventora como o secretario queren se se tramiten como contratos maiores pero non se fai porque consideramos que non sería beneficioso para as empresas de aquí xa que non poderían competir coas grandes empresas.

9. Con respecto as bolsas de emprego do concello nos preguntamos sobre elas en moitas ocasións e vostede di que son publicas pero nós non atopamos os listados dos dispoñibles ou que eles mesmos poidan consultalo e ver en que orde están nesa lista, etc.

Resposta: Teremos que publicar en que orde quedan cada vez que hai unha contratación e é no decreto de contratación onde queda reflectido a orde en que quedan as persoas nas respectivas bolsas.

10. A que criterios obedece o pago de complementos de produtividade tan diferentes duns traballadores/as a outros/as, ou incluso que uns o cobren en outros non.

Resposta: Os criterios están recollidos nun acordo plenario e que consta integramente no decreto do pago das produtividades, e en base a eses criterios





pagábase esa produtividade porque dende o mes de xuño xa non se paga.

Teremos que aprobar un novo acordo plenario para regular a produtividade con criterios mais obxectivos.

-----  
Unha vez rematado as quendas de preguntas a Alcaldesa di que quere aclarar a seguinte cuestión:

No anterior pleno o voceiro do PP dixo que os monitores de concilia lle comunicaran que había cobras nunha zona onde estaban a desenvolver o campamento.

Ao día seguinte dese pleno chamoume a responsable da empresa que leva os campamentos para negar tal afirmación, díxome que ningún monitor ou responsable da empresa se puxera en contacto con ningún membro do Grupo Popular deste concello.

Paréceme moi grave porque estas actividades lévanse a cabo con nenos e nenas menores de idade, paréceme unha irresponsabilidade por parte dun responsable político que forma parte desta corporacións municipal.

Quero que quede constancia que os campamentos se desenvolveron con todos os requisitos necesarios e que ningún monitor/a nin responsable da empresa se puxo en contacto con ningún membro do PP de Guitiriz.

